
Francesco Benozzo

*A area galega
na prehistoria lingüística e cultural de Europa*

[en colaboración con Mario Alinei¹]

In corso di stampa su “A Trabe de Ouro”

*Presentación:
A teoría da Continuidade Paleolítica
e a busca da identidade*

por
Xiao Roel

1. Cando lin por primeira vez, por amábel indicación de G. Navaza, o texto italiano da conferencia que F. Benozzo pronunciou en Pontevedra no outono de 2006 no marco dun congreso sobre onomástica, fiqui conmocionado polas perspectivas que abría para a comprensión do pasado de Galiza. De seguido, como posuído por unha voracidade intelectual, metínme na páxina web do grupo de traballo Continuitas (www.continuitas.com) e con asombro e ledicia fun comprendendo o alcance do paradigma interpretativo alí deseñado por M. Alinei e os demais membros do grupo. Vinme a min mesmo como Paulo camiño de Damasco.

Formado no estudo das línguas clásicas, e portanto do indoeuropeo, fun sempre moi escéptico no tocante á presenza de celtas na Gallaecia. Facíase moi difícil conxugar a teoría clásica das invasións indoeuropeas desde as mesetas do sur de Rusia, co que estudaba sobre arqueoloxía e prehistoria. Efectivamente, os arqueólogos e os prehistoriadores falaban arreo da continuidade que comprobaban nas súas investigacións. Recentemente tamén, accedera por indicación valiosísima de J. Galovart, estudioso da relación dos megalitos e os petroglifos coa visión do mundo dos que os construíron, ás investigacións de M. Calado e o grupo Gema (www.crookscape.org) sobre o megalitismo alentexano, e acreditara unha vez mais na evidente continuidade desde o Mesolítico até o Megalitismo, esta vez ademais cun apoio de probas de unha grande categoría científica e metodolóxica. Por todo isto a invasión de celtas halstáticos na Galiza, que arrasaran a poboación preexistente, destruíndoa ou aculturándoa axiña pola forza da súa suposta belicosidade, non me cadraba como o modelo máis apropiado para explicar o que vía. Ademais, o estudo dos topónimos anteriores a Edade Media, que veño realizando desde hai bastantes anos lévame a unha certa perplexidade, ante a evidencia dos celtismos, que non sabía moi ben como solucionar dentro do marco dos paradigmas nos que me formei na universidade.

¹ NOTA. Os autores deste estudio suliñan que, aínda que foi concebido en conxunto e no ámbito dunha idéntica visión do problema da prehistoria lingüística e cultural europea, cómpre atribuír a Mario Alinei os parágrafos 1, 2 e 3 e a Francesco Benozzo os parágrafos 4, 5, 6, 7 e 8

Pode o lector imaxinar o desasosiego científico que me invadía nestes últimos tempos. O modelo indoeuropeo na formulación de Adrados, ou na máis suave de Villar Liébana (sen esquecer a Tovar) tiña o sólido aspecto dun modelo ben acabado. E a presunción das invasións parecía o único esquema posíbel para explicar o espallamento pola xeografía de Eurasia das diferentes linguas. Pero tamén o paradigma arqueolóxico da continuidade era evidente e con abrumadoras probas científicas. Por onde coller? Como conciliar dúas evidencias notorias?

E aquí apareceu a TCP resolvendo o problema sen cambiar en principio gran cousa da indoeuropeística e harmonizando cos datos da arqueoloxía e, cousa importantísima, da xenética. Ademais non só o grupo indoeuropeo senón tamén o etrusco-ugro-finés e o aquitano-eusquera-ibérico, por falarmos só das linguas de Europa quedaba encadradas nun proceso lóxico e acorde coa arqueoloxía. O fundamental é o cambio de punto de vista. Porque, non o esquezamos, o punto de vista invasionista da lingüística indoeuropea nace nun ambiente eurocéntrico, expansionista, belicista e colonialista, a Europa (especialmente Alemania e Francia) do século XIX. O pensamento académico da época busca a fonte, o primixenio, o puro, a patria orixinaria, idílica e nobre, destes pobos destinados pola súa valía intrínseca a dominar o mundo. Este delirio (que se xuntaba co antisemitismo) tomouse como algo incuestionábel. Os estudiosos adicáronse a amarear “probas” para demostrar que a patria orixinaria estaba aquí ou alí, ou acolá. Logo despois viría a escola arqueolóxica de Kosina e o nazismo e as expedicións arqueolóxicas das SS, pero isto é outra historia.

Pois si, un punto de vista, o da indoeuropeística tradicional, que só tiña base ideolóxica, sen probas de ningún tipo, un produto cultural dunha época e marcado por ela. Unha vez que se cambia este punto de vista polo máis asisado da continuidade, máis lóxico, máis humano, máis como somos nós, as pezas empezan a encaixar. Se os primeiros poboadores que habitaron esta terra no Paleolítico Superior son os nosos devanceiros (e tamén os das Illas Británicas e da Bretaña francesa) como demostran os estudos xenéticos de Cavalli-Sforza e outros investigadores, entón serían, polas linguas que falaron os seus descendentes, celtas (sen darlle a este termo máis que o seu xusto valor). A Toponimia galega pode ser encarada con máis acerto, e a comprensión da prehistoria ten unhas novas posibilidades abertas ao encadrarse dentro dun grupo lingüístico e cultural ben definido. E agora tamén a nosa orixinalidade no contexto prehistórico pode ser avaliada doutra maneira. A comparación, co transfondo ideolóxico-cultural dos pobos celtas, debe ser sistemática, para ver o cerne común e as tamén as diverxencias dentro de paradigmas en estreita conexión. Os contactos prehistóricos da fachada atlántica na prehistoria, a xénese dos celtíberos, o “problema” de Tartesos e os lusitanos, todo encaixa agora nun paradigma interpretativo coherente e, sen necesidade de forzar os datos que xa temos, só fai falla reinterpretalos de novo. A TCP é por vocación interdisciplinar e só nesta perspectiva avanzaremos cara a resultados científicamente válidos no tocante ao noso pasado (e por tanto ao noso futuro).

2. Cando un repasa a bibliografía sobre a prehistoria de Galiza, ademais de sorprenderse ante as pronunciadísimas disparidades de criterios e conclusións dos diferentes autores (que chegan mesmo ao ataque persoal), sempre acaba un por chegar a un parágrafo ou capítulo dedicado a tratar o “tema” dos celtas en Galiza. Aquí os arqueólogos e prehistoriadores, pola propia natureza dos seus achados e investigacións (que non falan lingua algunha até a chegada dos romanos coa escrita), teñen que botar man dos estudos lingüísticos que a partir dos topónimos, antropónimos e de certos elementos de vocabulario, poden esculcar cunha profundidade de miles de anos a(s) lingua(s) que falaban os que habitaban e usaban os restos arqueolóxicos. Confesando as máis das veces a súa ignorancia na materia, entréganse ás conclusións dos lingüistas (viciados polo errado punto de vista que inaugura e preside os estudos sobre o indoeuropeo) para afirmaren ou negaren a presenza de celtas en Galiza e para dataren a época da súa “chegada” a estas terras. E con toda unha ampla variedade de posturas, desde a afirmación até a negación, os arqueólogos e prehistoriadores, presos da

teoría invasionista de un modo acrítico, pérdense en disquisicións para cadrar as certezas das súas investigacións nun marco en absoluto coincidente coa realidade. Por citar dous casos, dúas magníficas sínteses aparecidas na colección histórica de A Nosa Terra, unha de Antonio de la Peña sobre a prehistoria de Galiza, e outra de Calo Lourido sobre o Castrexo, no tocante aos celtas, ou se se quer ás xentes que habitaron en Galiza antes da chegada dos romanos, amósanse confusas e contradictorias. Os evidentes elementos continuistas que, con gran acerto e brillantez na súa exposición, ven por todas partes, non os levan a afirmaren o evidente: que, como mínimo, desde o Mesolítico até a conquista por Roma, a Gallaecia foi ocupada sempre polas mesmas xentes.

3. Un campo de estudo que se abre coa TCP é a do vocabulario común do galego (e as súas formas diverxentes). Sorprende, se un repasa as etimoloxías aceptadas para o galego, o gran número de formas sen explicar ou “explicadas” con carimbos tan valeiros como “preromana”, “creación expresiva”, “onomatopeia”, así como a aceptación de moitas etimoloxías de Corominas que precisamente para o galego manexa datos de pouca calidade e escasos. A revisión das etimoloxías do léxico común é algo que debe ser contemplado agora tamén á luz da filoloxía céltica. O vocabulario sen explicar ou mal explicado está encadrado dentro duns determinados campos semánticos que teñen a ver con flora, fauna, técnicas agrícola e pesqueiras e cualidades físicas e morais de homes (e animais). Nesta laboura estou agora traballando e penso que vai ser fructífera.

4. Non quero deixar un tema que é vital para todos nós, como pobo, como identidade cultural diferenciada dentro do marco europeo. Trátase da necesidade de os que detentan o poder en Galiza promovan unha investigación multidisciplinar, con especial atención a arqueoloxía, sobre o noso pasado. A vergoñenta desidia dos gobernos Fraga en relación a este tema tiña, como non, un claro compoñente ideolóxico, por non lle interesar nada que poidese ser tomado como un sinal de diferenza con respecto a esa España de pesadelo coa que soñaba. A investigación arqueolóxica foi parada case por completo e substituída por unha sospeitosa arqueoloxía de xestión ao servizo de intereses localistas e turísticos de alcaldes de dereitas. Parecía que a política de Fraga consistía no regalo dun kit de paseo marítimo, ruta rural arqueolóxico-hosteleira, e festas da terceira idade con coros e danzas.

Semella que algo van mudando as cousas, e polo menos, como amosa a celebración dunha sesión de traballo hai uns días en Santiago para discutirmos a TCP, nun ambiente interdisciplinar promovida polo Consello da Cultura Galega e o Instituto Galego da Lingua, na que o profesor Benozzo leu o texto que está a seguir, seica as portas están abertas a ideas novas, a ventos de renovamento na adurmiñada comunidade académica que, como Galiza enteira, parece que está a saír do pesadelo da marula incultura que caracterizou a era Fraga.

Vainos a vida como pobo en determinar claramente os sinais da nosa identidade que semellan arraizarse no primeiro despertar da humanidade actual. A necesidade dun plano de investigación multidisciplinar sobre o feito de sermos galegos desde a prehistoria até hoxe, é fundamental para sabérmonos pobo e patria. E esta debe ser a tarefa primeira dun goberno que se di progresista e nacional.

5. Non quero cansar ao lector con estas lideiras, pois o motivo destas liñas é só comentar a importancia do texto de Benozzo, conciso e evidente, que servirá para traer de novo a discusión e estudo toda a problemática da nosa prehistoria e mesmo da nosa historia (a TCP mantén a vixencia de categorías culturais até épocas moi avanzadas como a Edade Media, ou a mesmo a actualidade que van asociadas a formas lingüísticas). Disculpe o lector os erros de tradución, pero valla o entusiasmo con que a fixen.

1. As principais teorías sobre as orixes indoeuropeas.

A teoría tradicional, que na súa versión máis recente e nun certo senso máis autorizada foi elaborada por Marija Gimbutas (1970, 1973a, 1973b, 1977, 1977, 1979, 1980, 1982, 1990a, 1990b), dominaba incontrastada, até hai uns vinte anos, os estudos glotolóxicos. Segundo esta teoría, como sabedes, os Indoeuropeos eran na súa orixe un pobo de pastores guerreiros a cabalo que viviron en correspondencia coa cultura do IV milenio, isto é, a da Idade do Cobre ou Calcolítico: cultura chamada tamén dos *kurgan* (dunha palabra rusa de orixe turco-tártara que significa “túmulo funerario”). Desde as estepas da Ucraína estes pastores guerreiros colleron despois a forma das culturas chamadas do Machado de Combate, e deseguido invadiron Europa en diversas vagas, exterminando ou sometendo as poboacións autóctonas do continente europeo, e substituindo todas as linguas preexistentes coa súa propia lingua. A teoría da invasión calcolítica presenta portanto un escenario que se podería definir como apocalíptico, e implica ademais a extraña idea dunha absoluta superioridade da poboación inmigrada sobre a autóctona, presupoñendo un baixo nivel das civilizacións europeas precedentes, supostamente pre-indoeuropeas.

Non é casual que este escenario remonte ao século XIX, isto é, que fose elaborado nun contexto no que tamén puido nacer a ideoloxía aria: abonda follear os libros dos pais fundadores da indoeuropeística para achar un impresionante número de referencias á raza aria destinada a conquistar o mundo!

Volvendo aos aspectos lingüísticos, neste cadro tradicional a diferenciación do indoeuropeo común nas diversas linguas indoeuropeas tería sucedido só a partir do IV milenio a.n.e., por efectos dos diversos sustratos que os pastores guerreiros terían atopado nas súas oleadas expansivas. Naturalmente, neste cadro de referencia, é dicir, partindo dunha teoría e dunha cronoloxía segundo a cal o indoeuropeo indiferenciado aínda tería existencia no Calcolítico, non pode haber alternativas á idea de que o latín tería nacido pouco antes do I milenio, e tivo despois unha vida moi breve, e á idea de que os dialectos romances se sitúan despois da fin do Imperio de Roma, e de que o seu desenvolvemento tería tido lugar no percurso da Idade Media. Isto é canto aprendéramos e canto aínda lemos nos manuais de Filoloxía e Lingüística Románica.

Nos derradeiros 40 anos, afortunadamente, mentres a lingüística seguía a traballar de xeito autoreferencial baseándose sobre este paradigma, outras disciplinas, e entre estas en particular a arqueoloxía, deron enormes pasos adiante: en primeiro lugar coa descuberta de métodos de datación cada vez máis precisos, que impuxeron un radical cambio de todas as datacións da prehistoria europea, facéndoas moito máis antigas do que as tradicionais; despois co desenvolvemento das metodoloxías de análise e de interpretación cada vez máis sofisticadas, que levaron a unha gradual revisión das concepcións tradicionais sobre a prehistoria europea.

O primeiro dato importante que aboia da investigación arqueolóxica é a eliminación, ou en calquera caso o redimensionamento do presunto papel das invasións. O segundo dato é a acentuación dos aspectos da continuidade e a maior importancia atribuída, na

evolución histórica, aos desenvolvementos internos de tipo económico e social. No cadro desta radical revisión da prehistoria europea tense comezado a dubidar cada vez máis da sostibilidade da teoría tradicional das invasións calcolíticas. Existen de feito abundas probas positivas da continuidade étnica e cultural das varias áreas europeas, para poder soste a tese da Gran Invasión sen caír en contradicións coa documentación arqueolóxica. Pódese afirmar que hoxe ningún arqueólogo cre aínda seriamente na teoría tradicional sobre as orixes dos indoeuropeos.

O logro desta certeza é debido ao progreso de toda a investigación arqueolóxica moderna, desde Gordon Childe até hoxe; pero o estudo arqueolóxico que puxo no candieiro o problema indoeuropeo de maneira explícita, e que máis contribuíu a demoler a teoría tradicional e a difundir as novas ideas foi o do arqueólogo inglés Colin Renfrew, aparecido no 1987 e titulado *Archeology and Language: the Indo-European Puzzle*. Neste libro Renfrew apresentou de maneira sistemática os argumentos críticos que impiden admitir unha gran invasión seguida da substitución etnolingüística en época calcolítica, e que portanto impiden identificar na cultura dos *kurgan* as orixes dos pobos indoeuropeos. Ademais de derrubar a teoría tradicional, Renfrew propuxo unha nova teoría das orixes indoeuropeas. Para construíla baseouse sobre unha conclusión fundamental da investigación arqueolóxica moderna: no novo cadro de continuidade xeral da prehistoria europea, o único momento de relativa discontinuidade, que dalgunha maneira podería estar asociado a un gran cambio cultural e lingüístico, é o do inicio da agricultura, arredor do VII milenio. En termos arqueolóxicos, este momento defínese como o inicio do Neolítico, e o seu proceso é chamado neolitización. É dicir, Renfrew substitúe a invasión da Europa do Calcolítico por parte dos guerreiros *kurgan* por unha invasión pacífica no inicio do Neolítico, por parte dos primeiros cultivadores, e fai logo coincidir o proceso de difusión da agricultura co proceso de difusión das linguas indoeuropeas. Efectivamente, a Europa como a outros lugares, a agricultura chega da área chamada da Media Lúa Fértil, no Oriente Medio, de sempre considerado o berce da agricultura e ten o seu primeiro foco europeo nos Balcáns. Aquí, no VII milenio, desenvolveuse un complexo cultural chamado precisamente Neolítico Balcánico, seguido axiña logo por outro, na área do alto Mediterráneo central e occidental, chamado cultura da Cerámica Impresa/Cardial. Dous milenios despois, no V milenio, na Xermania desenvolveuse logo a cultura da Cerámica Lineal, Renfrew ve portanto no complexo neolítico balcánico a matriz das linguas indoeuropeas da Europa Oriental, é dicir principalmente grego, ilirio, eslavo; no da Cerámica Impresa/Cardial do VII milenio a matriz do grupo itálico, e no da Cerámica Lineal a matriz do grupo xermánico. Logo, segundo a súa teoría, o céltico teríase desenvolvido máis tarde, cando a agricultura alcanza tamén o noroeste da Europa (Cfr. ademais Renfrew 1992, 1996, 1998, 2001).

2. A Teoría da Continuidade Paleolítica

Se ben os indoeuropeístas nun primeiro momento mantiveron esta teoría, logo a refugaran decididamente, pero hoxe comeza a ser considerada tamén con certa atención por algúns deles. A idea dunha invasión neolítica de grandes dimensións, non obstante, foi axiña criticada polos propios arqueólogos especializados no estudo da transición do Mesolítico ao Neolítico. Eles poideron facilmente demostrar que a neolitización da Europa non chegou como consecuencia dunha gran invasión que tería atinxido o continente inteiro, senón a causa dun complexo proceso de difusión dos

productos e das técnicas da agro-gandería, ás que acompañan modestas contribucións inmigratorias que só interesaron á área dos Balcáns, á Xermania, en menor medida á área mediterránea centro-occidental, e nada de feito ao resto de Europa. Tamén nas áreas devanditas, non obstante, non houbo invasión algunha, senón que foron os mesolíticos locais os que aprenderon dos recién chegados as novas técnicas de produción e as aplicaron no seu territorio. Sobre a base desta crítica de tipo arqueolóxico á teoría de Renfrew, foi formulada outra teoría sobre as orixes indoeuropeas, segundo a cal os Indoeuropeos non terían chegado nin da Ucraína como guerreiros nin como cultivadores do Oriente Medio, senón que serían os herdeiros das poboacións que se atopaban en Europa desde sempre, isto é desde cando o *Homo sapiens sapiens* se espallou polos varios continentes do Vello Mundo, no Paleolítico, procedente da África. Esta teoría é ilustrada analiticamente nun libro en dous volumes de 2.000 páxinas titulado *Origini delle Lingue d'Europa*, do que o primeiro volume saíu no 1996 e o segundo no 2000 (Alinei 1996-2000). Case contemporaneamente, tamén o arqueólogo belga Marcel Otte presentara unha teoría moi semellante (Otte 1997), á que aderiu a seguir tamén o arqueólogo alemán Alexander Haüsler (Haüsler 1998). Ao redor desta teoría, chamada Teoría da Continuidade Paleolítica, naceu un grupo de investigación do que forman parte lingüistas, filólogos, historiadores, xenetistas e arqueólogos, que publica os seus traballos no sitio da internet, constantemente actualizado, www.continuitas.com. A Teoría da Continuidade reconcilia finalmente a lingüística comparada cos asuntos propiamente evolutivos e histórico-lingüísticos, cos logros das investigacións máis recentes da paleoetnoloxía e da arqueoloxía. Sostén, sustancialmente, que a patria orixinaria dos Indoeuropeos sería África, é dicir a mesma de todas as poboacións modernas e de todos os *phyla* lingüísticos do mundo; os máis antigos asentamentos das poboacións indoeuropeas fóra da África hanse atopar nos territorios ocupados actualmente polas propias linguas indoeuropeas; Europa tería sido poboada, segundo as primeiras datacións indicadas polas investigacións, polos indoeuropeos xunto coas outras poboacións non indoeuropeas presentes despois historicamente *in loco*, como por exemplo os urálicos: a relación etno-lingüística prehistórica entre os Indoeuropeos e os outros pobos euroasiáticos sería logo unha relación de adstrato/parastrato e non de superestrato/sustrato; de feito, desde o momento en que a chegada dos Indoeuropeos, e das outras xentes, coincidiría co primeiro poboamento euroasiático do *Homo sapiens sapiens*, o considerado sustrato indo-mediterráneo non existiría, como non existirían pobos pre-indoeuropeos; as linguas indoeuropeas, pero tamén as non indoeuropeas presentes no territorio euroasiático, estarían xa formadas a partir cando menos do Mesolítico; toda invasión de masas no Neolítico e no Calcolítico cómpre excluílas, e as poucas invasións e infiltracións locais comprobadas pola arqueoloxía ou reconstruídas polada xenética constituirán factores de hibridación e non de substitución; a agricultura teríase difundido na Eurasia segundo un modelo complexo, baseado na integración, en mosaico, de desenvolvementos locais, de aculturacións e dunha limitada difusión démica por parte de grupos anindoeuropeos.

3. A área mediterránea e ibérica no cadro da Teoría da Continuidade

A Teoría da Continuidade Paleolítica obriga a un radical cambio da cronoloxía e do escenario dos acontecementos, e fai revisar de maneira abondo radical a modalidade da evolución lingüística nas diversas áreas lingüísticas europeas. Queremos hoxe

deternos sobre algunhas consecuencias que a Teoría da continuidade ten para a historia lingüística e cultural da Galiza.

No ámbito da Teoría da Continuidade, o cadro lingüístico do Mediterráneo central e occidental teríase xa formado a fins do Paleolítico e durante todo o Mesolítico. E isto porque Europa xa moito antes do Mesolítico, é dicir xa moito ante de *circa* o X milenio a.n.e., amosa un alto grado de diferenciación cultural, que debe necesariamente reflectir tamén un alto grao de diferenciación lingüística. Se collemos por exemplo a área mediterránea, vemos que xa a fins do Paleolítico, en *circa* o XIV milenio a.n.e., está caracterizada pola cultura chamada Epigravettiano, da que despois se desenvolveron, por evolución interna, as culturas mesolíticas chamadas Sauveterriano e Castelnoviano. Faise portanto necesario asumir que o grupo lingüístico que se podería chamar ibero-dalmático, ou quizais iberoccitálide (de Ibérico, Occitano e Itálide), estivese xa diferenciado dos outros grupos lingüísticos a fins do Paleolítico. Na teoría de Renfrew, en cambio, estas culturas serían de tipo pre-indoeuropeo. Se pasamos ao Neolítico, isto é ao VII milenio a.n.e., constatamos que na área mediterránea a primeira cultura neolítica é a da Cerámica Impresa/Cardial. Agora, no cadro da Teoría da Continuidade, esta cultura sería un desenvolvemento interno das precedentes, mesolíticas e paleolíticas, cunha modesta contribución inmigratoria. No cadro da teoría de Renfrew, en cambio, o aboiar desta cultura asinalaría a chegada dos indoeuropeos aínda indiferenciados, e a súa transformación nun grupo ulterior por efecto do sustrato pre-indoeuropeo sobre os recién chegados. A consecuencia, para a lingüística románica, é en calquera caso turbadora: mesmo aceptando a visión de Renfrew deberemos datar os devanceiros dos Latinos polo menos no VII milenio a.n.e., mellor que no III, cunha diferenza de IV milenios, e coas enormes implicacións que isto conleva.

Pero vaiamos á área ibérica. Este territorio é de todos o que máis desminte a teoría de Renfrew: se de feito a súa teoría postula unha ecuación segundo a cal neolitización = indoeuropeización, cómpre en cambio constatar que, na antiga Hispania, a parte máis neolitizada é mesmo a menos indoeuropea (como asinalou recentemente Hernando 1999). Efectivamente, aparte do feito de que resulta pouco creíbel a idea de que agricultores Celtas proveñentes do Sul da Francia (isto é da zona onde é documentada máis antigamente a agricultura no occidente europeo) se dirixisen cara o interior (onde a aparición da agricultura é recente) en vez da zona mediterránea, cómpre constatar que a civilización máis “agriculturizada” da Península (isto é, seguindo a Renfrew, a máis neolitizada e portanto indoeuropeizada) é a dos Iberos, é dicir unha civilización non indoeuropea!

Pero deixemos estar Renfrew, e voltemos á teoría da Continuidade. O que sabíamos do Paleolítico no noroeste da Península non é moito, pero os poucos datos que posuímos amósanse xa interesantes para o noso discurso. En primeiro lugar, procuramos visualizar, na medida do posíbel, a situación ambiental desta época: sabemos todos que durante a última glaciación, encetada hai 70000 anos, e entrada na súa cúspide *circa* hai 25000 anos, eran precisamente as rexións meridionais da Europa as únicas zonas habitábeis, probabelmente por algunhas decenas de milleiros de *sapiens sapiens*, os únicos homínidos que ficaran sobrevivindo sobre a terra. Durante o periodo glacial as Illas británicas, cobertas polo xeo, estaban “pegadas” ao actual continente, o Adriático case non existía, e África e Europa estaban unidas non só perto do actual Xibraltar, senón tamén por onde se acha actualmente Sicilia. A partir de hai 13000 anos, co aumento da temperatura, os glaciares comezaron a retirarse, coa

consecuente abundancia de ríos, unha subida do nivel do mar e un aumento da superficie ocupada polas augas.

4. A Galiza desde o Paleolítico ao Mesolítico e a interpretación na óptica da PCT. Que sabemos do poboamento da Galiza nesta época?

Os achados paleolíticos galegos “clásicos” son os de Vilaselán e as espenuncas de Valiña no Norte, os de Piteira, Chaira e Pazos no centro e os de Budiño, Tortoreos e Portavedra no suroeste. Segundo o recente estudo sobre estes achados de Rosa Villar Quinteiro e de César Llana Rodríguez (Villar Quinteiro, Llana Rodríguez 2001), estes xacementos permiten establecer a existencia en Galiza dun poboamento antigo, que remontaría a un Paleolítico Inferior. Trátase de sitios situados sobre terrazas, frecuentemente perto das vías de comunicación entre a costa e o interior: a súa localización amosa unha relación evidente coa necesidade de disfrutar das materias primas, e tamén unha función de control do territorio, estreitamente ligada á civilización dos cazadores paleolíticos.

O que interesa ao noso discurso, avaliando a prehistoria da Galiza dentro da ibérica en xeral, é a evidencia (investigada por Zilhão e d’Errico 1999, 2000) dunha neta demarcación de áreas entre o norte e o sur, coa forte presenza, aínda que tardía, de Neanderthais ao sur do río Ebro e de *Homo Sapiens* ao norte. Afondando nesta tese e proxectándoa en escala cronolóxica máis recente, Vega (1988, 1990, 1999) fala de fronteiras dinámicas e en movemento, co avanzar gradual de *Homo sapiens sapiens* desde a zona cantábrica cara á costa mediterránea. Este dato é moi relevante: sobre un plano vectorial, isto identifica de feito unha dirección norte → sudeste da civilización *sapiens sapiens* na Península Ibérica. A este dato pódese engadir que, seguindo as conclusións de estudiosos como Raposo (1993), que analisou os xacementos da zona occidental da provincia de Lugo, hai neles evidentes indicios dunha continuidade cultural entre a cultura do Paleolítico Superior e a do mesolítico na área ibérica noroccidental, mentres faltan totalmente trazas de invasións relativas ao período Tardiglacial, portanto relativo a 10000-5000 anos a.n.e. E aínda máis: José María Bello fala até dunha evidente continuidade topolóxica da industria paleolítica dos *cantos tallados* até os xacementos de época romana: “a posibilidade da existencia dunha continuidade das industrias de cantos tallados durante todo o Paleolítico, prolongándose alén deste polas edades do Bronce e do ferro ata ben entrada a época romana, tal como evidencian o xacemento do Bronce Final de *Portecelo*, o castrexo de *A Forca* e o galaicoromano de *Santa Tegra*” (Bello – De la Peña 1995: 78).

Xa que para a Teoría da Continuidade houbo un desprazamento dos pescadores mesolíticos desde as costas cantábricas até a Galiza e Portugal, nun período no que, desdun punto de vista xeográfico, tamén a Irlanda e a Gran Bretaña estaban aínda unidas ao continente, e xa que esta civilización de pescadores coincide, nesta visión, coa proto-céltica, o cadro deseñado por estes recentes estudos arqueolóxicos e paleontolóxicos, que determina una sustancial continuidade entre a civilización do Paleolítico superior e a do Mesolítico no noroeste de España, coincide coa idea – só aparentemente atrevida – dunha celtización da Galiza xa levada a cabo na época do Mesolítico. Isto debeu acaecer case en concomitancia co aboiar, na parte meridional da península, da unidade etnolingüística que chamáramos iberoccitálide. Isto é, a Galiza debeu representar unha área *orixinariamente* céltica, mentres os territorios do

Celtibérico tería representado unha serodia variante “colonial” do céltico, é dicir, unha variante dos Celtas inmigrados cara ao centro e o sur da actual España na prehistoria máis recente.

5. A celticidade atlántica da Galiza

Esta visión introduce o problema, debatido desde sempre (coas coñecidas e enconadas oposicións entre celtoescépticos e celtomaníacos: *Cfr.* Santana 2002), da celticidade da Galiza, e dalle unha resposta positiva: de feito, non só os territorios da actual Galiza foron poboados por poboacións célticas, senón que ademais estas formaban parte, xa no Paleolítico, xunto coas actuais illas británicas (nesa época aínda non eran illas) e cos territorios do Occidente atlántico francés, da patria orixinaria do protocéltico. Esta unidade cultural atlántica resulta evidente cando menos por cinco factores: un de tipo xenético; un de tipo lexendario; un de tipo arqueolóxico-cultural; un de tipo mitolóxico-relixioso; o quinto factor – que é o máis importante – ven representado polo fenómeno do megalitismo.

5.1. *Factor xenético*: en primeiro lugar está demostrado por estudos recentes que a compoñente xenética da poboación occidental das actuais Illas Británicas é a mesma ca do noroeste da Península Ibérica: o mapa do DNA elaborada mesmo nestes días pola equipa oxfordiana de Bryan Sykes non deixa máis dúbidas ao respecto (Sykes 2006).

5.2. *Factor lexendario*: As lendas, atestadas en época irlandesa antiga, relativas á procedencia orixinaria dos pobos irlandeses da Península Ibérica poden ser interpretadas, á vez que como atestacións dunha auténtica colonización (relativamente á cal non existe nen a máis mínima pegada arqueolóxica), como pegadas dunha común identidade cultural e lingüística, precedente á separación da actual illa irlandesa do continente: portanto, non desprazamentos-migracións dos homes, senón desprazamento tectónico dos territorios que provocou a súa separación.

5.3. *Factores arqueolóxico-culturais*: existe unha evidencia irrefutábel relativa a unha homoxeneidade irlandesa-británica-nordhispanica de tipo arqueolóxico-cultural: se se enxerga a distribución dos particulares achados arqueolóxicos en Europa, descúbrense que algúns deles pertencen exclusivamente a este territorio, antigamente cohesionado, que comprende a Galiza a España do Nordeste, a Bretaña, a Irlanda, Gales e a Escocia: en particular, isto é enxergábel na distribución xeográfica de achados coma os *torques* de ouro e os caldeiróns. No que atingue aos primeiros, acháronse na Galiza ben uns 150, e o 90% deles atopáronse perto das costas (*Cfr.* Monteagudo 1952; Prieto Molina 1996; Fernández Carballo 2001). Trátase de obxectos de ouro, coma todos os semellantes da Irlanda, da Bretaña e de Gales (e en contraste coas manufacturas de prata da área mediterránea) (Queiroga 1987, Castro Pérez 1992).

Polo que atinxe aos caldeiróns de bronce, son obxectos típicos, en particular, da Irlanda occidental; a peculiaridade dos galegos é que as súas decoracións son practicamente idénticas ás dos caldeiróns atopados no Finisterre bretón (Almeida 1980). Barry Cunliffe fala explicitamente, a propósito dos *torques* e dos caldeiróns galegos, dunha “unidade cultural atlántica” (Cunliffe 2001). E logo, sobre un plano arquitectónico, á mesma área homoxénea pertencen estruturas defensivas como os

chevaux-de-frise, pedras defensivas chantadas diante dos muros dunha fortificación (pero que tamén están presentes na Xermania), ou ‘monumentos’ como as estatuas menhir: estes últimos están significativamente presentes na Galiza en todas as tres expresións coas que son coñecidos na zona atlántica, e isto é non só estatuas de guerreiros (como tamén se atopan en área occitánica e tirrena), senón tamén estatuas de divinidades masculinas sentadas, e estatuas de divinidades femininas: pénsese nas de Logrosa e Carabeles (A Coruña), da Limia e de Pedrafita (Ourense e Lugo); esta pluralidade de expresións, especialmente se se confronta coa atestación fragmentaria do fenómeno en outras áreas nas que aparece, indica evidentemente unha procedencia orixinaria da área en cuestión.

5.4. *Factor mitolóxico-relixioso*: no resumo do historiador latino Floro sobre a invasión romana da Gallaecia, lemos que os soldados de Bruto, ao pasaren o río Limia, foron collidos polo pánico ao ollaren o sol que se reflectía alí no solpor, causando ademais un aumento das augas. Esta pasaxe pode ser posta en correlación co informe de Estrabón relativo a un misterioso promontorio que era lugar de culto entre unha poboación céltica do sudoeste da Península Ibérica, portanto sempre na costa atlántica: catro grandes pedras estaban orientadas cara ao sol no solpor e bañadas cos augas do mar, causando unha crecida das mesmas augas e facendo do lugar un espacio sagrado inaccesíbel (García Quintela 1997). Este mesmo lugar (Cabo San Vicente) é descrito polo historiador medieval árabe Idrisi como “a igrexa dos corvos”, porque a presenza dos misteriosos corvos teríao preservado de eventuais invasións. Trátase dunha lenda idéntica á narrada no *mabinogi* galés de Branwen, onde a cabeza do deus Bran (o corvo) protexe Gales de eventuais invasións, e reflectida tamén na historia de Brennos, o caudillo que saqueou o santuario de Delfos no 297 a.n.e., e dos seus restos postos diante do mar – no informe de Pausanias – que protexeron os Volcos Tectosagos de Tolosa das incursións romanas (Benozzo 2006a, 2006c)².

Sempre no ámbito das referencias mitolóxico-relixiosas, cómpre contar os “santuarios solares” (ou mellor “solsticiais”) dos que se tiraron á luz recentemente restos perto de alturas que enxergan o océano (Cfr. García Quintela *et al.* 2003, García Quintela, Santos Estévez 2006). Trátase dos santuarios de Corme, Pedrafita, Fentáns en Campolameiro, e o Raposo. Nestas construcións preséntanse furados na roca a través dos que (como demostrou recentemente González-Ruibal), no solpor nos días do 1 de agosto e do 1 de novembro (isto é nas dúas máis coñecidas festividades do calendario céltico: Lugnasad e Samhain) raiolas de luz van iluminar un punto interno do “santuario” onde tivo que erguerse unha tumba.

A analoxía co santuario “atlántico” irlandés de Newgrange é aquí verdadeiramente impresionante. O estudo detallado de González-Ruibal é iluminante; o seu único defecto é o de datar un rito solar deste tipo nos primeiros séculos a.n.e.: un defecto xustificable pola falla dun cadro de referencia de longa duración, dado que para a

² Noutra redacción anterior desta mesma conferencia, ademais doutros párrafos de tipo literario que servían de marco ao corpo da conferencia, os autores ofrecían o texto que copiamos e que, como os de tipo literario foi suprimido: “Pódese engadir a este respecto que na bisbarra de Pontevedra, durante as excavacións de 2003, foi atopada unha das máis importantes inscricións votivas, a adicada ao *Deus Larius Breus Brus Sanctus*; non semella haber dúbidas sobre a identificación desta divindade cunha figura conectada á figura mitolóxica de Brennos/Bran, o deus-corvo da mitoloxía céltica (a caída de –n- é unha tendencia arcaica ben documentada tamén pola toponomástica da Galiza: pénsese nos casos de Tena > Tea, Taranes > Taraes, *Abellanetum > Abelaído, Tardenatus > Tardeado, Tredones > Triós: Cfr. Bascuas 2006: 366). Trátase dunha divindade da que o culto amosa conexións con crenzas das poboacións circumpolares, e que debe remontar – como argumentamos nun recente libro (Benozzo 2007), a un período certamente anterior ao Mesolítico”.

teoría tradicional os Celtas – se é que chegaron á Galiza – chegarían só moito tardiamente, case ao tempo da última romanización, logo de teren atravesado toda Europa, na que se atopaban xa desde circa 700 anos. Na interpretación da Teoría da Continuidade, pola contra, tamén os “santuarios solsticiais” en cuestión achan unha máis creíbel colocación nun horizonte cando menos tardo-mesolítico. Efectivamente, dificilmente se pode pensar que fenómenos complexos como os de Newgrange en Irlanda (datado no 2475 a.n.e.) ou estes santuarios galegos nacesen por vía polixenética; é máis verosímil afirmar que deberían pertencer a unha civilización cohesionada, isto é, precedente á separación das illas do continente.

5.5. *Megalitismo*

5.5.1. Coas estatuas-menhir e sobre todo cos “santuarios solsticiais” estamos esbarando para perto dun argumento crucial para o noso discurso: o do megalitismo galego no contexto do megalitismo europeo. Os megalitos galegos (os coñecidos até agora son máis de 5000) representan, despois dos da Bretaña, os máis antigos exemplos destas sepulturas colectivas monumentais. A importancia dos megalitos para a prehistoria europea é enorme, e aínda cobrou moita máis importancia cando a revolución do radiocarbono demostrou que estas construcións europeas son notábelmente máis antigas ca as orientais exipcias e gregas, e que cómpre consideralas como unha expresión europea orixinaria, no importada. A área de distribución dos megalitos europeos é preponderantemente marítima e coa excepción do Sur da Italia, onde tamén están presentes, poderíanse definir como unha expresión da cultura atlántica. A área compacta e os caracteres unitarios do megalitismo non permiten dar a isto unha explicación en clave polixénica; é portanto lexítimo e sensato admitir un foco de orixe, cunha ou máis áreas de reelaboración. Na óptica da Teoría da Continuidade, a provincia megalítica está correlacionada coa área céltica dun xeito absolutamente elemental: abonda de feito observar que a Irlanda, enteiramente céltica, é toda megalítica (con monumentos datados no 3700 a.n.e.); que na Gran Bretaña as áreas de máxima densidade megalítica son as célticas de Gales, de Cornualla e de Escocia (tamén aquí os megalitos máis antigos son do IV milenio), e que en Francia como xa dixemos, están presentes os primeiros megalitos europeos, e están presentes na súa parte máis céltica, o que quere dicir a Bretaña, onde remontan á primeira metade do V milenio, isto é a unha época aínda mesolítica. É por tanto unha consecuencia lóxica pensar que a área céltica estivese no foco, e as outras (como o Sul da Italia) sexan áreas de difusión secundaria. Desta área céltica orixinaria, como comezáramos a ver, debería formar parte tamén a Galiza, onde de feito están presentes os máis antigos megalitos europeos despois dos bretóns (están de feito datados entre o V e o IV milenio) (Fábregas 1988, 1991).

5.5.2. Ademáis, como demostración da primordialidade do fenómeno na área galega, xa faláramos de que aquí están presentes (e copresentes) todas as tres tipoloxías megalíticas europeas:

a) a dos Dólmenes (pénsese no *territorio de A Coruña* nos dólmenes de Pedra Moura de Aldemunde, de Axeitos, Pedra de Arca, de Pedra Vixía, de Arca de Piosa, de Casiña da Moura, de Casa dos Mouros, de Casota de Berdoias, de Cova da Moura; *no territorio de Lugo* nos dólmenes de Roza das Modias, de Santa Mariña, de Mollafariña, de Chao de Mazós, de Abuime, de Moruxosa; *no territorio de Ourense*

nos de Outeiro de Calade, de Mota Grande, de Casola do Foxo; e aquí, *no territorio de Pontevedra*, nos de Mámoa do Rei en Vilaboa, de Chan de Castiñeiras, de Chan de Armada, de Chan de Arquiña, de O Meixoeiro);

b) a dos Menhires (en particular o menhir de Cristal de Ribeira no territorio de A Coruña, o de Pedra Chantada en Vilalba (no territorio de Lugo), o de Pedra Alta, e o famosísimo, de Lapa de Gargantáns, no concello de Moraña, no territorio de Pontevedra);

c) ademáis de dólmenes e menhires preséntanse tamén círculos de pedra, asinaladamente o de O Freixo (no territorio de A Coruña) e o do Prao das Chantas (no concello de O Valadouro, no territorio de Lugo), cos seus ben 101 metros de diámetro segundo o eixo este-oeste.

Outro sinal de orixinariedade galega do fenómeno megalítico consiste no feito, notábelmente anómalo con referencia a estes monumentos, de que algúns deles foron ergueitos sobre megalitos precedentes. É o caso do dolmen de Dombate, no concello de Cabana de Bergantiños (territorio de A Coruña), quizais o máis coñecido da Galiza (tamén pola referencia a el contido nunha famosa poesía de Eduardo Pondal, escrita en plena época do Rexurdimento da cultura galega). Polas excavacións dos primeiros anos '90 de José María Bello evidenciouse precisamente, ademais da presenza – tamén ela significativa – de decoracións pictóricas, a existencia dun dolmen precedente sobre o que tivo que ser ergueito (Bello 1992-1993). Fenómenos deste tipo, obviamente, son arqueolóxicamente interpretábeis como sinais dunha continuidade de longa duración (Bello, De la Peña 1995).

5.5.3. Débese en fin asinalar que, como sucede para case todas as áreas megalíticas (comprendidas tamén as non célticas de megalitismo máis recente: *Cfr.* Alinei 1996-2000, vol. 2: 479-481), tamén en Galiza os megalitos teñen nomes dialectais de tipo máxico-relixioso, e que a microtoponomástica dialectal dos sitios nos que se achan lígase a lendas de extraordinario valor para a tese da continuidade do megalitismo até a época histórica. Das numerosas lendas e dos nomes (pedra dos mouros, casa dos mouros, pedra da moura), por exemplo, evidénciase que, segundo a crenza popular, os que construíron os complexos megalíticos foron xigantes, chamados *mouras* (en feminino) e *mouros* (no masculino) (Alonso Romero 1998, cit. in Lema Suárez 2006: 11), termos ligados á raíz céltica *MRVOS que significa tanto 'morto' como 'ser sobrenatural' (Benozzo no prelo c). Tamén o nome *mámoa*, o máis común en galego para designar os dólmenes, amosa un interesante desenvolvemento semántico: sen dúbida, de feito, continúa o latín MĀMMULAM, é dicir '(pequena) tetiña', e este aspecto etimolóxico – perceptibelmente ligado ao aspecto que antigamente deberon de ter os túmulos que cobrían en moitos casos os dólmenes – está evidentemente conectado ás lendas segundo as que os megalitos estan postos nos lugares nos que as *mouras*, epifanía mitolóxica da terra mesma, aleitaban os propios fillos. Isto é, a lenda oral, así como o topónimo dialectal, representan unha preciosa e vital atestación da función máxico-relixiosa dos complexos megalíticos: o nome dos megalitos, e as lendas a eles asociadas, deben de feito referirse a un periodo no que tamén o aspecto dos megalitos era diferente do actual (os que quedan hoxe son, por así dicir, só os 'esqueletos' dos complexos megalíticos orixinarios). Sobre un plano de cronoloxía prehistórica, pódese logo suliñar que mentres a imaxe do 'morto' e do 'ser sobrenatural' encerrada na etimoloxía céltica de mouro / moura semella restituír

mellor o significado orixinal e auténtico do megalito, que a latina ‘tetiña’ que, aínda que significativa en canto sincrónica coa paisaxe megalítica antiga, semella atinxir a ideoloxías máis tipicamente neolíticas (como, precisamente, a da ‘nai terra’).

Para a Teoría da Continuidade foron os pescadores paleolíticos e mesolíticos céltico da área atlántica central os que construíron estes antigos monumentos na área galego-bretona-céltica insular. A tese de Gordon Childe, segundo a que os que el chamaba os “misoneiros megalíticos” terían difundido este fenómeno de Oriente cara a Occidente, debe ser pois revirada na súa dirección: o vector de desprazamento vai, tamén neste caso, de occidente cara a oriente.

6. Outros indicios dunha celticidade da área galega

No cadro da Teoría da Continuidade, o megalitismo céltico da Galiza tardo-mesolítica déixase logo ler como o reflectimento dunha celticidade anterior, xa paleolítica. Isto convértese nun elemento decisivo para soste a tese dunha protocelticidade da Galiza.

6.1. *Testemuños dos autores clásicos.* Alén das evidentes pegadas dunha cultura atlántica orixinaria, da que faláramos anteriormente, a celticidade da Galiza é demostrábel tamén a través dos testemuños dos escritores clásicos e das inscricións (Balboa Salgado 1996). Algunhas tribus son expresamente citadas polos escritores latinos e gregos como de lingua céltica: trátase – de Norte a Sul – dos Ártabros, dos Nerios, dos Supertamáricos, dos Praestemarcos, todos non por casualidade asentados na zona costeira.

6.2. *Toponimástica.* Se logo pasamos a un rápido repaso da toponimástica, decatámonos da presenza de numerosos topónimos de clara orixe céltica. Pensemos en nomes atestados por Ptolomeo como 1) *Nouiom*, que xa Holder conectaba directamente a un céltico **nowios* ‘novo’, 2) *Olina*, reconducíbel a unha raíz **olīnā* ‘reviravolta’ (de onde irlandés *uilen*, galés *elin*, córnico *elin*, bretón *elin*) atestada en hidrónimos de orixe gala como Olinas (Orne-Saosnoise) ou Olina (Apeninos alto-italianos), 3) *Ocelon*, dun céltico **ocelo* ‘outeiro’, raíz ben atestada tamén en topónimos galeses, irlandeses e bretóns, 4) *Lambris*, un hidrónimo que atesta esplendidamente (como outros topónimos en *-bris* desta área) a presenza dun nominativo céltico *-briks*, interesante en canto que seguramente é máis antigo que as numerosas formas *-briga*, 5) *Caladunos* (un dos pouco frecuentes topónimos célticos en *-dunum* da área ibérica), do que a primeira parte semella estar en relación co mesmo nome da Galiza, 6) *Compleutica / Comploutica*, orixinariamente un hidrónimo, da raíz céltica **ploutos* ‘veloz’ (de onde o irlandés antigo *lúath* ‘veloz’); 6) o famoso *Brigantion*, adoito identificado con A Coruña, cunha celticidade evidente, e que debe ser posto en relación cos ben coñecidos dezaioito topónimos en *-briga*, desde sempre investigados no ámbito da toponimástica paleohispánica (e sobre os que se verá agora actualización de Bascuas, no prelo).

6.3. *Cabezas cortadas.* Ademais destes datos lingüísticos, voltando por un intre á arqueoloxía, un ulterior indicio de celticidade que non pode ser posto en discusión está representado por esculturas que representan cabezas cortadas, totalmente idénticas ás *têtes coupées* da área insular e centro-europea; entre outras moitas, abonda aquí lembrar as de Chaves, de Armeá (Ourense), Cortes, Narla e Barán

